

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 16 DE XUÑO DE 2014.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de xuño de dous mil catorce; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Javier Iglesias Sendin e Don José Prieto Pérez. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado nove de xuño de dous mil catorce (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRA E APERTURA PROVISIONAL RIB/N/61.1/14.**

Visto o escrito de **Don Marcos Rodríguez López**, onde solicita Licenza de Obra e apertura provisional para “local comercial de informática”, no inmovible sito na rúa Ribeiro nº 75, baixo, desta Vila, segundo documentación técnica presentada, redactado polo Arquitecto, Dona Ana Cadahia Fernández

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 2 e 10 de xuño de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1º.-Conceder a Don Marcos Rodríguez López licenza de obras para acondicionamento de baixo para local comercial de informática, no inmovible sito na rúa Ribeiro nº 75, baixo, desta Vila, de acordo coa documentación técnica presentada.

2.- Conceder licenza de apertura provisional para local comercial de informática no devandito inmovible debendo, unha vez finalizadas as obras solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento, acompañando dita solicitude da alta no Imposto de Actividades Económicas, co obxecto de ingresar nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias por licenza de apertura, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.

**1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

**2.-Condicións particulares: Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Acondicionamento de baixo para local comercial. **Contía na que se orzan as obras:** 547,61 € **Situación e emprazamento das obras:** Rúa Ribeiro nº 75, baixo. **Redactor da documentación técnica:** Dona Ana Cadahia Fernández. **Nome ou razón social do promotor:** Don Marcos Rodríguez López. **Prazos:** O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras. **Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 28/05/2014, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 42 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 547,61 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo coa contía xa aboada.

**Outras condicións:**

Importe execución material / coste da obra:	547,61 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	42,00 €	
Aboado por autoliquidación:	42,00 €	28-05-14
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	<b>0,00 €</b>	

-As obras que se solicitan, retirada de toldo de fachada principal, apertura de oco en tabicaría interior e pintura de paramentos interiores de local de planta baixa, considéranse encadradas como pequenas reparacións, que esixen a hixiene, ornamento e conservación do inmovible, manténdose o volume existente e os usos actuais.

-Unha vez rematadas as obras, comunicárase ó Concello coa finalidade de realizar a correspondente Visita de Comprobación.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-****ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.**

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Maria Angeles Alvarez Vázquez**, con domicilio na rúa Teixugueira nº 13, Nigran, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Pouso nº 1, Francelos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 18-10-2012 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

Da Mancomunidade I.V. do Ribeiro, comunicando Resolución de data 9 de xuño pasado, resolvendo requerimento de anulación ou revogación da Resolución da Presidencia sobre liquidación de xuros de demora.

Da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, comunicando expedientes sancionadores núm. 182/14, 173/14 e 172/14.

Da Dirección Xeral de Administración Local, remitindo Circular en relación coas autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

Da Deputación Provincial de Ourense, comunicado acordo do pleno de data 11.06.2014 relativo a implantación do grao de Enxeñería Física no Campus de Ourense, no curso 2014-2015.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DE CONVENIO**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a entidade Ribeiro F.C., para a organización do campionato de fútbol-sala de Ribadavia.

### **NOMEAMENTO DE AVOGADO .**

Vista a Resolución da Presidencia da Mancomunidade de data 9 de xuño pasado resolvendo requerimento de anulación ou revogación da Resolución da Presidencia relativa a liquidación de xuros de demora a este Concello, a Xunta de Goberno Local, acorda:

- 1 Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o referido acordo.
- 2 Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete.
- 3 Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios para a execución do referido acordo.

### **CONTRATO DE SERVICIOS DE MONTAXE E DESMONTAXE DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA 2014.**

Visto o prego de prescricións técnicas elaborados en relación coa licitación de contratos menores de montaxe e desmontaxe da Mostra Internacional de Teatro 2014.

De seguido o Sr. Alcalde somete a aprobación do expediente de contratación relativo os servicios referenciados, por un importe de 12.000 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 09.06.2014.
- Prego de prescricións técnicas de data 13.06.2014.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

- 1 Aprobar un gasto por importe de 12.000 € IVE incluído.
- 2 Aprobar o Prego de Prescricións técnicas para a contratación do servicio de montaxe e desmontaxe da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2014.
- 3 Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a execución de ditos servicios.

### **APROBACION DAS BASES PARA A CONCESION DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR DO CONCELLO DE RIBADAVIA. CURSO 2014/2015.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as bases para a concesión de axudas para material escolar do Concello de Ribadavia, Curso escolar 2014/2015 e que de seguido transcríbense:

**A. Requisitos**

Que os ingresos totais da unidade familiar non superen os 798,77€  
 Estar empadroad/a no Concello de Ribadavia na data de convocatoria da subvención.  
 Ser alumno/a de Educación Infantil ou Educación Primaria dos centros educativos pertencentes o Concello de Ribadavia.

Aportar a factura de compra do material con firma e selo de pagado.

**Documentación a presentar**

Certificado de matrícula do centro escolar para o curso 2014-2015 do/a alumno/a.

Fotocopia do libro de familia e DNI dun/unha dos proxenitores ou tutor/a legal.

Certificado de convivencia da unidade familiar.

Fotocopia compulsada e completa da declaración da renda referida ó exercicio 2013. En caso de non estar obrigados a facela ou de non presentala voluntariamente, deberá presentar un certificado negativo de Facenda.

-No caso de traballar, deberán presentar fotocopia da última nómina ou documento que acredite os ingresos familiares. Así mesmo presentarán certificado doutras axudas que perciban doutros organismos ou entidades (RISGA, Axuda a Integración do Menor, pensións non contributivas, prestación por fillo/a cargo... ou pensión de orfandade, xubilación, viuvez...).

- Se a situación é de desemprego, deberán presentar tarxeta do Inem e certificado de estar percibindo ou non prestación económica.

-Factura de compra do material con firma e selo de pagado.

Nº de Conta **IBAN**, onde ingresar o importe da axuda concedida, de ser o caso.

**Baremo**

Para nenos de **Educación Primaria**: Baseado nun custe para material de 60€

		<b>AXUDA</b>
1	Ingresos da unidade familiar de ata 1 do IPREM (532,51€)	42€(70%)
2	Ingresos da unidade familiar de ata 1,2 do IPREM (639,01€)	30€(50%)
3	Ingresos da unidade familiar de ata o 1,5 IPREM (798,77€)	24€(40%)

Para nenos/as de **Educación Infantil**: Baseado nun custe para material de 170€

**D.- Contía das Axudas:**

		<b>AXUDA</b>
1	Ingresos da unidade familiar de ata 1 do IPREM (532,51€)	119€(70%)
2	Ingresos da unidade familiar de ata 1,2 do IPREM (639,01€)	85€(50%)
3	Ingresos da unidade familiar de ata o 1,5 IPREM (798,77€)	68€(40%)

Informará o expediente de concesión da axuda, o Departamento de Servizos Sociais, mediante Informe Social, baseándose no apartado de C. Baremo.

As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta os criterios económicos dos baremos anteriores.

**E.- O prazo** de presentación das solicitudes será de 30 días naturais, dende o 1 ó 30 de setembro de 2014.

**F.- Lugar de presentación:**

Mediante presentación de solicitude no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello”.

**APROBACION DE MEMORIA DE ACTUACION.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a Memoria de actuación de “Renovación de pavimento e mobiliario urbano- 1ª Fase, da Travesía do Ribeiro”, redactadas polas arquitectas do departamento de Urbanismo/Oficina de Rehabilitación, Dona Mercedes Alvarez López e Dona Begoña Arregui Rodríguez.

**NOMEAMENTO DE DIRECTOR DE OBRA COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAUDE.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en relación coa obra denominada “Acondicionamento do camiño dende a N-120 a Barouta”, nomea director de obra a Don Salvador Añel Prada e Técnico coordinador de Seguridade e Saude a \*\*\*\*\*

**APROBACION DE PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE.**

Visto o informe favorable do Coordinador do Plano de Seguridade e Saúde, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Plano de Seguridade e Saude da obra denominada “Acondicionamento do camiño dende a N-120 a Barouta”, redactado pola empresa Aopil S.L., empresa adxudicataria da obra.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.